



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 30 DE MARZO DE 2016.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día trinta de marzo de marzo de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

**Non asiste o Sr. Miguel A. Español Otero.**

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO ÚNICO- Acordo polo que se solicita a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e se acorda a correspondente achega da corporación local**

---

A Xunta de Goberno Local acorda solicitarlle á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 177.902,00 €, co seguinte detalle:

- Persoal: 30.026,00 €
- Mantemento: 0,00 €
- Axuda no fogar:
- Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 0,00 €
- Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 126.876,00 €
- Xestión de programas: 21.000,00 €
- Investimento: 0,00 €

A Xunta de Goberno Local declara que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

O Concello da Guarda comprométese a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 290.576,51 €, que supón unha porcentaxe do 62,03% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

*Sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.*